



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.padron.gal
Tfí: 981 81 04 51
Fax: 881 24 93 91

DECRETO DO ALCALDE: CONCESIÓN DEMANIAL PARA A UTILIZACIÓN PRIVATIVA OU ANORMAL DO DOMINIO PÚBLICO MEDIANTE ADXUDICACIÓN DIRECTA DOS POSTOS DAS FESTAS DA PASCUA DO ANO 2024.

Antecedentes administrativos

Primeiro. Por Resolución do Alcalde núm.21/2024 de data dezaseis de xaneiro, acordouse Convocar procedemento de licitación para o outorgamento das autorizacións de uso das parcelas do dominio público municipal situadas no Campo do Souto e Paseo do Espolón e rúas próximas tal e como se grafían nos planos que se unen ao prego de condicións como anexos II a XIII, para a instalación de atraccións feirais con motivo da celebración das festas de Pascua 2024 a 2027. o que se fixo público mediante a inserción dos correspondentes anuncios no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, na páxina web do Concello de Padrón (www.padron.gal) e no taboleiro de anuncios da Casa do Concello.

Segundo. Tendo en conta que o anuncio de licitación publicouse no BOP, no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello e na páxina web o 22 de xaneiro do 2024, o prazo de presentación de ofertas rematou o 21 de febreiro de 2024, téndose presentado un total de 178 licitadores.

Terceiro. Nas reunións realizadas pola Mesa de Licitación os días 27, 28 e 29 de febreiro e 1, 4 e 14 de marzo do 2024, analizáronse as ofertas presentadas, declaráronse os licitadores admitidos e excluídos e formulouse a correspondente proposta de adxudicación.

Cuarto. Tras a presentación das ofertas do ano 2024 das parcelas conforme as citadas bases, e despois do exame da documentación aportada polos licitadores, requirimento de subsanación da documentación, e revisión da mesma, o 13 de marzo de 2024, en sesión pública, dase a coñecer os licitadores admitidos e excluídos e o motivo de exclusión, e procedeuse a apertura das ofertas económicas dos licitadores admitidos, e despois da resolución dos empates das ofertas presentadas propónse a adxudicación de das parcelas ofertadas.

Por resolución, 220/2024 do 14/03/2024, adxudícanse as parcelas e decláranse vacantes 211 parcelas.

Quinto. As festas comezan o vindeiro domingo 24 de marzo de 2024, e quedan 211 parcelas vacantes

Fundamentación xurídica.

Primeiro: Vistas circunstancias do procedemento, no que tivo lugar unha única convocatorias ordinaria, e non habéndose cuberto a totalidade dos postos ofertados.

Segundo: Considerando as numerosas parcelas que quedaron desertas no procedemento de licitación pública.

Terceiro: Considerando o interese xeral, tanto dos feirantes como dos cidadáns de que se ocupen os citados postos vacantes o que suporá un maior lucimento das festas e con iso un beneficio global.

Cuarto: Considerando que poderá acordarse o outorgamento directo nos supostos establecidos no artigo 137.4.d da LPAP que establece que <<d) Cando fose declarada deserta a poxa ou concurso promovidos para o alleamento ou estes resultasen errados como consecuencia do incumprimento das súas obrigacións por parte do adxudicatario, sempre que non transcorrese máis dun ano desde a celebración dos mesmos. Neste caso, as condicións do alleamento non poderán ser inferiores das anunciadas previamente ou daquelas en que se produciu a adxudicación.>>

Quinto: Considerando que a competencia para o outorgamento deste tipo de licenzas é do Alcalde en base ao establecido no artigo 21.1.q. da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, pero que esta competencia está delegada na Xunta de Goberno Local no artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998,

Sexto. Considerando a urxencia nesta adxudicación dado que o 17 de marzo de 2024 se iniciou a montaxe das instalacións tal e como se recolle no devandito acordo de convocatoria e considerando o disposto no artigo 10.1 da Lei 40/2015 do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, que recolle que “Os

órganos superiores poderán avocar para sí o coñecemento dun ou varios asuntos cuxa resolución corresponda ordinariamente ou por delegación aos seus órganos administrativos dependentes, cando circunstancias de índole técnica, económica, social, xurídica ou territorial o fagan conveniente", e que hai numerosos licitadores interesados en ocupalas.

Sétimo: Considerando que o artigo 10.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro de réxime xurídico do sector público.

RESOLVO:

Primeiro. Abrir un prazo para que todos aqueles licitadores poidan optar en réxime de concorrencia a todos aqueles postos que se atopan vacantes (211 parcelas), que se abrirá no día da presente resolución xunto cos planos achegados ao rexistro municipal dos postos vacantes aos que se poderá optar ata a finalización das festas da pascua 2024.

Segundo: O procedemento consiste en substituír a presentación en sobre pechado da documentación por presentar a mesma no rexistro municipal, facéndose responsable o licitador de que a documentación cumpre cas condicións publicadas na paxina web padron.gal do Prego de condicións que rexerán a licitación das autorizacións para o uso temporal do dominio público municipal para a instalación de atraccións feirais no Concello de Padrón con motivo das Festas de Pascua 2024, e proceder a ir cubrindo os postos conforme á estrita orde de chegada das sucesivas ofertas.

Terceiro: Avocar competencia e delegar no responsable das festas de Pascua, a autorización formal para outorgar concesión demanial para a utilización privativa dos postos vacantes da licitación pública da Pascua para o ano 2024 mediante adxudicación directa, conforme se van presentando as ofertas.

Cuarto. As condicións do alleamento non poderán ser inferiores das publicadas debendo respectarse ás regras de boa administración, procedendo a unha comparación efectiva das ofertas e respectando o principio de igualdade.

Quinto. Notificar a presente resolución a todas as persoas interesadas coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderase interpoñer:

- Potestativamente o recurso de reposición, no prazo máximo dun mes desde o día de recepción da notificación da presente resolución, ante o señor Alcalde.
- Con posterioridade á resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, ou ben directamente, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses desde o día de recepción da notificación da presente resolución.
- O recurso extraordinario de revisión, segundo o previsto no artigo 113 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou calquera outro que estime procedente.

En Padrón, o Alcalde,

(Documento asinado dixitalmente)

Asdo. Anxo Rei Arca.